



Expte. 1715/2024

PREGO DE CLÁUSULAS ECONÓMICAS-ADMINISTRATIVAS PARA A CONCESIÓN DEMANIAL DE CHIRINGUITOS NA PRAIA FLUVIAL DE A FREIXA (PONTEAREAS)

ÍNDICE

DISPOSICIÓN XERAIS

- 1. OBXECTO DO CONTRATO E CARACTERÍSTICAS DOS CHIRINGUITOS.**
- 2. NATUREZA XURÍDICA DO CONTRATO.**
- 3. CANON DA CONCESIÓN.**
- 4. DURACIÓN DA CONCESIÓN.**
- 5. OBRAS E INSTALACIÓN A REALIZAR POLO CONCESIONARIO.
MOBILIARIO.**
- 6. PROCEDEMENTO E CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN.**
- 7. GARANTÍA PROVISIONAL.**
- 8. GARANTÍA DEFINITIVA.**
- 9. CONDICIÓNS DE EXPLOTACIÓN DA CONCESIÓN.**
- 10. ÓRGANO COMPETENTE.**
- 11. PUBLICIDADE.**

LICITACIÓN

- 12. CAPACIDADE PARA CONTRATAR.**
- 13. PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓNS.**
- 14. DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA E OFERTA.**
- 15. MESA DE CONTRATACIÓN.**
- 16. CUALIFICACIÓN DA DOCUMENTACIÓN XERAL.**
- 17. APERTURA DE OFERTAS E PROPOSTAS DE ADXUDICACIÓN.**
- 18. ADXUDICACIÓN.**





19. FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

EXECUCIÓN

20. PRAZOS PARA OBRAS E INSTALACIÓNS A REALIZAR POLO CONCESIONARIO.

21. DEBERES E DEREITOS DO CONCESIONARIO.

22. DEREITOS E OBRIGACIÓNS DO CONCELLO.

23. RESCATE.

24. RESPONSABILIDADES.

25. PROHIBICIÓN DE CESIÓN DO CONTRATO.

26. RÉXIME DE INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

27. INVENTARIO DE BENS QUE SE ENTREGAN E REVERSIÓN DAS INSTALACIÓNS.

28. EXTINCIÓN DA CONCESIÓN.

29. PRAZO DE GARANTÍA.

30. XURISDICIÓN.

31. TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

ANEXO I. MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE.

ANEXO II. PROPOSICIÓN ECONÓMICA.

ANEXO III. SOLVENCIA ECONÓMICA E FINANCEIRA.

ANEXO IV. DECLARACIÓN DE NON ESTAR EN PROHIBICIÓN DE CONTRATAR.





PREGO DE CLÁUSULAS ECONÓMICAS-ADMINISTRATIVAS PARA A CONCESIÓN DEMANIAL DE CHIRINGUITOS NA PRAIA FLUVIAL DE A FREIXA (PONTEAREAS)

DISPOSICIÓN XERAIS

1. OBXECTO DO CONTRATO E CARACTERÍSTICAS DOS CHIRINGUITOS.

1.1 O Concello de Ponteareas é un dos máis poboados da provincia, sendo o de maior poboación dos cinco concellos que integran a Comarca Condado. O río Tea que cruza o territorio deste concello conta ao longo do seu leito con tres importantes praias fluviais, Maceira en Covelo, Val en Mondariz e a Freixa en Ponteareas.

Dada a localización da praia fluvial da Freixa, a escasos metros do centro urbano de Ponteareas, é un punto de referencia para o espaxamento nunha contorna natural de gran valor paisaxístico e ambiental, non só para os veciños do Concello de Ponteareas senón tamén para os habitantes de toda a súa contorna e os turistas que visitan a zona, o que a converte nun espazo moi concorrido sobre todo durante a época estival; aínda que desde a súa creación a afluencia de usuarios é importante ao longo de todo o ano por tratarse dunha senda ideal para a práctica de sendeirismo ou o deporte

Esta praia fluvial é un lugar excelente, tranquilo, ideal para o relax e o baño. Nas súas inmediacións conta con catro chiringuitos que recentemente foron rehabilitados e atópanse en bo estado.

É obxecto do presente procedemento a adxudicación para a explotación dos chiringuitos, mediante a utilización privativa dos inmobles.

Cada persoa física ou xurídica poderá presentar oferta a un, varios ou todos os chiringuitos, pero só poderá ser adxudicataria dun máximo de dous.





Na súa oferta deberá indicar a orde de preferencia que elixe para ser adxudicataria dos chiringuitos.

1.2 Características dos chiringuitos.

LOCALIZACIÓN: ÁREA RECREATIVA A FREIXA - A Gándara - BUGARÍN - PONTEAREAS. PARCELA CON REF. CATASTRAL: 36042A130013830000XS

EDIFICACIÓN AUXILIAR N.º 1 “Chiringuito n.º 1 Praia da Freixa”.

Superficie cerrada..... 29,20 m²
Superficie útil..... 24,40 m²
Superficie terrazas (zona alta)..... 47,60 m²
Superficie terrazas (zona río)..... 75,70 m²
Superficie TOTAL CONSTRUÍDA.....152,50m²

EDIFICACIÓN AUXILIAR N.º 2 “Chiringuito n.º 2 Praia da Freixa”

Superficie cerrada..... 18,75 m²
Superficie útil..... 15,15 m²
Superficie terrazas (zona alta)..... 54,95 m²
Superficie terrazas (zona río)..... 73,80 m²
Superficie TOTAL CONSTRUÍDA.....147,50m²

EDIFICACIÓN AUXILIAR N.º 3 “Chiringuito n.º 3 Praia da Freixa”

Superficie cerrada..... 26,65 m²
Superficie útil..... 21,90 m²
Superficie terrazas (zona alta)..... 47,15 m²
Superficie terrazas (zona río)..... 74,45 m²
Superficie TOTAL CONSTRUÍDA.....148,25 m²

EDIFICACIÓN AUXILIAR N.º 4 “Chiringuito n.º 4 Praia da Freixa”

Superficie cerrada..... 31,60 m²
Superficie útil..... 26,45 m²
Superficie terrazas (zona alta)..... 48,40 m²
Superficie terrazas (zona río)..... 78,90 m²
Superficie TOTAL CONSTRUÍDA.....158,90m²

Coma documentación anexa achéganse planos e fotos de cada un dos chiringuitos e dos espazos exteriores nos que se pode colocar terraza.

2. NATUREZA XURÍDICA DO CONTRATO.





É un contrato privado de carácter patrimonial, especificamente unha concesión demanial.

3. CANON DA CONCESIÓN.

1. O concesionario terá a obriga de abonar ao Concello de Ponteareas o canon que está constituído pola taxa fixada pola ordenanza fiscal de instalación de quioscos na vía pública e chiringuitos fixos ou desmontables nas praias fluviais (B.O.P. Pontevedra de 2-3-1999, 12-9-2012 e 29-11-2013).

Taxa anual = 507,50 euros.

Taxa período estival (xuño a setembro) = 304,50 euros

2. A taxa polo primeiro período de duración da concesión farase efectiva polo adxudicatario con anterioridade á formalización da concesión, mediante ingreso na conta corrente do Concello. As sucesivas taxas faranse efectivas de conformidade co disposto na Ordenanza fiscal reguladora.

4. DURACIÓN DA CONCESIÓN.

1. A concesión outórgase por un prazo inicial de catro anos a contar desde a súa formalización, prorrogable por un período de 4 anos máis por acordo entre as partes, debendo comunicar o licitador a intención de prorrogar con dous meses de antelación á finalización do contrato.

2. A permanencia no uso privativo do dominio público unha vez transcorrido o prazo da concesión, non conferirá dereito algún ao concesionario.

5. OBRAS E INSTALACIÓNS A REALIZAR POLO CONCESIONARIO. MOBILIARIO.

5.1 Os chiringuitos por dentro están lóbregos pero contan con subministro eléctrico, auga e saneamento.

É necesario que se fagan unhas mínimas obras (pintado, carpintería interior e solado nalgún caso) que requirirán presentar comunicación previa de obras ante o Concello e liquidar a taxa correspondente.

A instalación de maquinaria e mobiliario destinado á explotación será da exclusiva responsabilidade do adxudicatario, podendo este ao termo da concesión desmontalos e levalos ou cedelos ao Concello. En calquera caso, o licitador deberá dispoñer e tramitar cantas licenzas e autorizacións administrativas sexan precisas para a instalación e posta en funcionamento da actividade.

5.2 CARACTERÍSTICAS DO MOBILIARIO E ESTRUTURAS AUXILIARES

A combinación estética do mobiliario deberá ser homoxénea e estar perfectamente integrada no ambiente conforme aos criterios dos servizos técnicos da Concellería de Medio Ambiente.





U.1 MATERIAIS PARA OS ELEMENTOS DE MOBILIARIO (mesas e cadeiras). Para o cumprimento do requisito de integrabilidade, aceptárase o emprego de materiais como madeira, aceiro, aluminio, ferro, plástico de deseño atractivo, ese boa calidade, etc. Ou a combinación destes. Queda prohibido o mobiliario de plástico de escasa presenza estética ou configuración extremadamente básica.

U.2 ELEMENTOS DE SOMBRA (TOLDOS, SOMBRILLAS). En ningún caso se poderán instalar toldos nos cerramentos do chiringuito. En caso de que se pretenda a autorización de toldos ou sombrillas asociados á instalación de terraza, o interesado deberá presentar solicitude indicando as características dos mesmos (deseño, cores, materiais, dimensións, etc).

- Os toldos e sombrillas serán preferentemente dunha única cor (beige, ocre, granate, branca ou negra).

- Con carácter excepcional, cando así se solicite e se atope xustificado polos servizos técnicos, poderase autorizar a instalación de estruturas para soporte de toldos ou cubertas textís (instalación illada) atendendo ás circunstancias singulares que concorran en cada caso e fixando os condicionantes que se estimen oportunos para a súa instalación (dimensións, materiais, sistemas de suxeición ou apoios, etc).

Estas estruturas deberán ser móbiles para poder ser recollidas fóra do horario autorizado para a terraza.

Non se poden poñer carteis fixados directamente sobre a madeira dos propios chiringuitos.

6. PROCEDIMIENTO E CRITERIOS DE ADJUDICACIÓN.

1. De acordo co establecido nos artigos 93.1 da Lei 33/2003, do 3 de novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas, artigo 78.2 e seguintes do Regulamento de Bens das Corporacións Locais, aprobado por Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, o outorgamento da presente concesión levarase a cabo en réxime de concorrencia.

2. No presente procedemento emprégase coma criterio de adjudicación valorar a proposta de cada licitador respecto do mobiliario que utilizará na explotación de negocio, as obras e melloras que implementará nos chiringuitos e o plan de explotación da actividade abarcando o mesmo os servizos ofrecidos, os días e horario de apertura así como actividades de ocio propostas (por exemplo, actuacións musicais, torneos de cartas, concienciación na reciclaxe de envases, etc.).

Entregarase unha memoria cunha extensión máxima de 20 follas a unha cara, letra ARIAL tamaño 12, espazo entre liñas 1, na que se poderán achegar fotos e/ou proxeccións con imaxe (que computarán dentro da extensión máxima).

A memoria estruturase nos seguintes apartados:

1. Descrición das obras e melloras que se realizarán no chiringuito.





2. Proposta de mobiliario a empregar na explotación da actividade.
3. Plan de explotación da actividade, no que como mínimo debe constar os días e horario de apertura, servizos ofrecidos no chiringuito e actividades de ocio propostas.

Para valorar estes criterios terase especial consideración a que sexan adecuados coas instalacións e entorno no que están, que sexa unha proposta que estimule aos posibles clientes a facer uso dos chiringuitos e da praia fluvial de A Freixa e que as datas de apertura sexan anteriores ao 15 de xuño de 2024.

A puntuación que se outorgará será dun máximo de 100 puntos e distribuírase do seguinte xeito:

1. Descrición das obras e melloras que se realizarán no chiringuito: máximo 35 puntos.
2. Proposta de mobiliario a empregar na explotación da actividade: máximo 35 puntos.
3. Plan de explotación da actividade, no que como mínimo debe constar os días e horario de apertura, servizos ofrecidos no chiringuito e actividades de ocio propostas.: máximo 30 puntos.

3. Criterios de desempate no caso de que se obteña a mesma puntuación por dous ou máis licitadores: maior puntuación acadada no apartado 1. De continuar o empate, maior puntuación acadada no apartado 2. De continuar o empate, maior puntuación acadada no apartado 3.

7. GARANTÍA PROVISIONAL.

Non se esixe garantía provisional na presente concesión, co fin de favorecer a participación do maior número de interesados e reducir as cargas administrativas que estes deben soportar, a teor do disposto do artigo 106.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

8. GARANTÍA DEFINITIVA.

O licitador que presentase a oferta economicamente máis vantaxosa deberá acreditar a constitución dunha garantía definitiva por importe de 600 euros, no prazo dos dez días hábiles seguintes á notificación da proposta de adxudicación. A falta de constitución da garantía definitiva impedirá a adxudicación da concesión.

A garantía definitiva poderá prestarse nalgunha das seguintes formas:

a) En efectivo ou en valores, que en todo caso serán de Débeda Pública, con suxeición, en cada caso, ás condicións establecidas nas normas de desenvolvemento desta Lei. O efectivo e os certificados de inmovilización dos valores anotados depositaranse na Caixa Xeral de Depósitos ou nas súas sucursais encadradas nas Delegacións de Economía e Facenda, ou nas Caixas ou establecementos públicos equivalentes das Comunidades





Autónomas ou Entidades locais contratantes ante as que deban fornecer efectos, na forma e coas condicións que as normas de desenvolvemento desta Lei establezan, sen prexuízo do disposto para os contratos que se celebren no estranxeiro.

b) Mediante aval, prestado na forma e condicións que establezan as normas de desenvolvemento desta Lei, por algún dos bancos, caixas de aforros, cooperativas de crédito, establecementos financeiros de crédito e sociedades de garantía recíproca autorizados para operar en España, que deberá depositarse nos establecementos sinalados na letra a) anterior.

c) Mediante contrato de seguro de caución, celebrado na forma e condicións que as normas de desenvolvemento desta Lei establezan, cunha entidade aseguradora autorizada para operar no ramo. O certificado do seguro deberá entregarse nos establecementos sinalados na letra a) anterior.

9. CONDICIÓN DE EXPLOTACIÓN DA CONCESIÓN.

1. O chiringuito poderá permanecer pechado en inverno e outono.

O horario mínimo de apertura nos meses de xuño a setembro será de luns a sábado, de 12:00 a 21:00 horas; o domingo o horario mínimo será de 11:00 a 21:00. O adxudicatario poderá fixar un día de luns a xoves como día de descanso no que non abrirá ao público. O horario máximo de apertura será ata a 1:30 horas da madrugada.

Os pechos dunha duración superior a 3 días consecutivos deberán comunicarse por escrito coa suficiente antelación ao Concello, con escrito dirixido a alcaldía.

O adxudicatario deberá informar con anuncios aos usuarios o cambio puntual do horario.

2. Son condicións de explotación da actividade:

- Servizo de cafetería e de bebidas frías e quentes.
- Servizo de comidas: unha carta de bocadillos fríos e quentes, para o cal poderá contar cunha prancha e un forno microondas. No suposto de que ofrezca comida quente, deberá preparar as instalacións co fin de cumprir a normativa vixente.

A tal efecto deberán figurar anuncios, tanto de cara ao exterior como ao interior do establecemento onde se publicite a existencia dos produtos antes citados, no mesmo tamaño que o resto dos produtos que anuncien.

- As bebidas a subministrar atoparanse, preferentemente en envases a granel, ou en envases retornables de vidro.

3. Durante todo o período da concesión, as instalacións e os bens de dominio público ocupados deberán estar en perfecto estado de limpeza, hixiene, seguridade e ornato. Os gastos producidos polas reparacións necesarias para o cumprimento desta obrigaçión, ben sexan realizados a iniciativa do concesionario ou a requirimento municipal, correrán única e exclusivamente por conta do contratista adxudicatario.





4. O concesionario deberá ter exposta a lista de prezos dos artigos e servizos que se ofertan.
5. O concesionario cumprirá estritamente a normativa en vigor respecto da prohibición de venda, tenencia e consumo de tabaco e bebidas alcohólicas.
6. Todos os produtos servidos polos adxudicatarios deberán ser correctamente manipulados e deberán cumprir todos os aspectos que especifica a normativa que en cada momento estea en vigor.
7. O adxudicatario deberá ter a disposición dos usuarios follas de reclamacións debidamente autorizadas.
8. O persoal do chiringuito dependerá exclusivamente do concesionario en todos os aspectos laborais, civís e de Seguridade Social. O concesionario estará obrigado a cumprir toda a normativa en vigor.
9. O concesionario estará obrigado a subscribir un seguro de responsabilidade civil.
10. O servizo prestarase a risco e ventura do concesionario.
11. O Concello se reserva a capacidade de realizar cantas inspeccións considere necesarias co fin de garantir todos os puntos destas condicións sen prexuízo das inspeccións que o Servizo de Sanidade estableza para o control hixiénico-sanitario do establecemento.
12. As relacións e negocios xurídicos cos provedores ou subministradores dependerán exclusivamente do concesionario e en ningún caso a Administración terá obrigas e responsabilidade fronte aos provedores ou subministradores.

10. ÓRGANO COMPETENTE.

Á vista do importe da concesión e da súa duración, o órgano competente para efectuar a presente concesión e tramitar o expediente é a Alcaldía do Concello, de conformidade coa Disposición Adicional Segunda da Lei de Contratos do Sector Público debido a que o seu valor estimado non supera o 10 % dos recursos ordinarios do orzamento nin o importe de tres millóns de euros.

11. PUBLICIDADE.

A publicidade deste procedemento e dos seus actos realizarase a través do Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (convocatoria), e dos taboleiros municipais de anuncios físicos e electrónicos (convocatoria de apertura, actas coas ofertas presentadas, proposta de adxudicación, adxudicación e formalización).

LICITACIÓN





12. CAPACIDADE PARA CONTRATAR.

1. Poderán contratar coa Administración as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras que, tendo plena capacidade de obrar, non estean incursas nunha prohibición de contratar comprendida no artigo 71 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).

Os candidatos ou os licitadores non deberán estar incursos en ningunha das causas de prohibición de contratar na data de conclusión do prazo de presentación de proposicións. Tampouco deberán estar incursos en tal situación cando se proceda á adxudicación definitiva do contrato.

2. Os empresarios deberán ser persoas naturais ou xurídicas, neste último caso que contén coa habilitación empresarial ou profesional que teña relación directa co obxecto do contrato, segundo resulte dos seus respectivos estatutos ou regras fundacionais e dispoñan de unha organización con elementos persoais e materiais suficientes para a debida execución do contrato.

13. PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓNS.

1. O Prego de Cláusulas Económicas-Administrativas e anexos poderán examinarse examinados polos licitadores nas oficinas do Concello de Ponteareas, desde as nove ata as catorce horas dos días laborables, excluídos os sábados, domingos e festivos. E tamén se poderán consultar en calquera momento no taboleiro de anuncios da web municipal: <https://ponteareas.sedelectronica.gal/board/>

2. Cada persoa ou empresario non poderá presentar máis dunha proposición. Tampouco poderá subscribir ningunha proposición en unión temporal con outros empresarios se o fixo individualmente ou figurar en máis dunha unión temporal. A contravención destas prohibicións dará lugar á inadmisión de todas as proposicións por el subscritas.

3. A presentación de proposicións supón, por parte do empresario, a aceptación incondicional do clausulado deste Prego e de todos os anexos e planos que se publiquen para levar a cabo a licitación da concesión.

4. As proposicións deberán ser entregadas en sobre pechado **NO REXISTRO XERAL DO CONCELLO** en horario de 9.00 a 14.00 horas, no prazo de QUINCE (15) días naturais, contados a partir do día seguinte da publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

A documentación tamén poderá presentarse ademais nos seguintes lugares:

-Nas oficinas de Correos. O empresario ou licitador deberá xustificar a data de imposición do envío na oficina de Correos e anunciar ao órgano de contratación a remisión da oferta mediante MAIL dirixido no mesmo día ao departamento de contratación do concello de Ponteareas (contratacion@ponteareas.es), consignándose o número do expediente, título completo do obxecto do contrato e nome do candidato.





A acreditación da recepción do referido mail efectuarase no prazo de dous días hábiles mediante contestación ao correo electrónico remitente ou o expresamente se sinalase. Sen a concorrencia de ambos os requisitos, non será admitida a oferta se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data de terminación do prazo sinalado no anuncio de licitación. En todo caso, transcorridos os cinco días hábiles seguintes sen que se recibise a documentación, esta non será admitida.

5. Se o último día do prazo fora inhábil (sábado, domingo ou festivo), trasladarase ata o primeiro día hábil seguinte.

6. En casos xustificadas, o órgano competente poderá suspender a licitación ou ampliar o prazo de presentación de proposicións, mediante anuncio publicado polos mesmos medios que o fora a licitación.

7. A documentación que se presente nas oficinas municipais, presentarase no rexistro de entrada do Concello de Ponteareas, Praza de Xardíns da Xiralda s/n, 36860, en horario de atención ao público, de 9 a 14:00 horas.

14. DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA E OFERTA.

Os licitadores presentarán as súas ofertas mediante a **entrega de UN SOBRE pechado** (precintado), en cuxo exterior deberá figura o seguinte título:

DOCUMENTACIÓN PARA TOMAR PARTE NO PROCEDIMENTO PARA O OUTORGAMENTO DA CONCESIÓN DEMANIAL DE CHIRINGUITOS NA PRAIA FLUVIAL DE A FREIXA (PONTEAREAS)". Neste sobre achegaranse o ANEXO I e ANEXO II debidamente cubertos, e a memoria técnica cunha extensión máxima de 20 follas a unha cara, letra ARIAL tamaño 12, espaciao entre liñas 1, na que se poderán achegar fotos e/ou proxeccións con imaxe (que computarán dentro da extensión máxima).

A memoria estruturarase nos seguintes apartados:

1. Descrición das obras e melloras que se realizarán no chiringuito.
2. Proposta de mobiliario a empregar na explotación da actividade.
3. Plan de explotación da actividade, no que como mínimo debe constar os días e horario de apertura, servizos ofrecidos no chiringuito e actividades de ocio propostas.

15. MESA DE CONTRATACIÓN.

1. O órgano de contratación estará asistido por unha Mesa de Contratación que será competente para a valoración das ofertas.

2. A mesa de contratación estará composta por presidente, tres vogais (secretario, interventora municipal e arquitecta ou arquitecta técnica municipal) e secretario/a. Todos eles empregados públicos municipais.

16. CUALIFICACIÓN DA DOCUMENTACIÓN XERAL.





1. Concluído o prazo de presentación de proposicións, o órgano de contratación convocará aos membros da Mesa de contratación para que proceda á cualificación da documentación xeral contida no sobres presentados polos licitadores. A mesa de contratación, tras o exame da documentación, se observase defectos materiais na documentación presentada, notificarao ao licitador correspondente, deixando constancia da devandita notificación no expediente, e concedéndolle un prazo non superior a tres días hábiles para que o emende. Agora ben, se a documentación dun licitador contivese defectos substanciais ou deficiencias materiais non emendables, non será admitido á licitación.

2. Á marxe da corrección a que se refire o parágrafo anterior, a Mesa de Contratación, a efectos de completar a acreditación da capacidade dos licitadores, poderá solicitar destes as aclaracións que estime oportunas sobre as certificacións e documentos presentados, así como requirilos para a presentación doutros documentos complementarios, requirimento que deberá ser cumprimentado no prazo máximo de tres días hábiles e sempre antes da declaración de admisión das proposicións.

3. Unha vez examinada e cualificada a documentación e realizadas, se procede, as actuacións indicadas, a Mesa emitirá proposta sobre os admitidos a licitación, os rexeitados e sobre as causas do seu rexeitamento.

17. VALORACIÓN DE OFERTAS E PROPOSTAS DE ADXUDICACIÓN.

1. A mesa de contratación, unha vez admitidos os licitadores e realizadas as correccións e, no seu caso, achegadas as aclaracións ou documentos complementarios requiridos ou transcorrido o prazo que se conferise para o efecto; procederá no prazo máximo de 5 días hábiles a valorar as ofertas presentadas, para o que celebrará as sesións que sexan necesarias.

2. A mesa de contratación procederá ao exame das proposicións, formulando a correspondente proposta de adxudicación que elevará ao órgano de contratación, debidamente motivada, unha vez ponderados os criterios establecidos na cláusula 6ª que deban aplicarse para efectuar a selección do adxudicatario. A proposta deberá recaer naquela oferta que obteña a máxima puntuación.

18. ADXUDICACIÓN.

1. O órgano de contratación requirirá ao licitador proposto como adxudicatario para que, dentro do **prazo de dez días hábiles** desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, presente orixinal ou copia autenticada dos seguintes documentos, que deberán numerarse pola seguinte orde:

A) Os que acrediten a personalidade do licitador:

1. Se a empresa fose persoa xurídica, a escritura de constitución ou modificación, no seu caso, inscrita no Rexistro Mercantil, cando este





requisito fose esixible conforme á lexislación mercantil que lle sexa aplicable. Se non o for, a escritura ou documento de constitución, estatutos ou acto fundacional nos que consten as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, no seu caso, no correspondente Rexistro oficial, así como o Código de Identificación Fiscal (CIF), todo iso en orixinal ou copia que teña o carácter de auténtica conforme á lexislación vixente.

2. Se se trata de empresario individual, o DNI ou documento que, no seu caso, substitúalle regulamentariamente, en copia que teña o carácter de auténtica conforme á lexislación vixente, ou fotocopia compulsada por funcionario habilitado para iso.

B) Cando o licitador non actúe en nome propio, ou cando se trate de persoa xurídica, será preciso acompañar, ademais, o D.N.I. do representante e a xustificación documental de posuír poder bastante para representar á persoa a cuxo nomee licítase. O poder deberá estar bastantado polo Secretario do Concello, Notario ou persoa habilitada para o efecto.

C) Solvencia económica e financeira dos licitadores, que deberá acreditarse mediante informe de institucións financeiras no que se faga constar expresamente que o licitador ten solvencia económica suficiente para facer fronte ao pago do canon que leva a presente concesión. O modelo ao que, no seu caso, deberá axustarse o indicado informe acompañase ao presente prego como o **ANEXO III**.

D) Se concorre unha persoa física deberá presentar o carné de manipulador de alimentos, e no caso de que concorran persoas xurídicas, devandito carné deberá presentarse respecto ao persoal que vai ser adscrito á concesión.

E) Declaración responsable do licitador debidamente asinada de non acharse incurso en ningunha das prohibicións para contratar contidas no artigo 71 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, **conforme ao ANEXO IV**.

F) Certificacións expedidas pola Axencia Estatal de Administración Tributaria, Seguridade Social, e Facenda Autonómica, de carácter positivo de non ter débedas pendentes.

Con todo, cando o posible adxudicatario non estea obrigado a presentar as declaracións ou documentos a que se refiren os artigos 13 e 14 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos do Sector Público (RXLCAP) acreditarase esta circunstancia mediante declaración responsable.

As certificacións sinaladas expediranse para os efectos de contratar coas Administracións Públicas e poderán ser positivas ou negativas, conforme ao establecido no artigo 15.2.a) e b) do RXLCAP. A certificación expedirase aos efectos exclusivos que na mesma fágase constar e terá validez durante o prazo de seis meses contados desde a data da súa expedición.

No caso de que o Concello poida obter de oficio estas certificacións, non serán solicitadas ao licitador proposto como adxudicatario.





G) Compromiso do licitador de darse de alta no IAE, no epígrafe correspondente á actividade que se desenvolverá ou a alta, e no seu caso o último recibo do Imposto sobre Actividades Económicas cota municipal, provincial ou estatal se se refire ao exercicio corrente ou o último recibo do devandito imposto, completado cunha declaración responsable de non darse de baixa na matrícula do citado imposto. Se se ten a condición de exento conforme ao artigo 82 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais acreditarase esta circunstancia por mera comunicación, se se trata de persoas físicas, e, se se trata de persoas xurídicas, achegando, ben o modelo 201 do Imposto de Sociedades do último exercicio presentado na Delegación do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas correspondente ou ben acompañando comunicación da cifra de negocios regulada na Orde HAC/85/2003, do 23 de xaneiro, do Ministerio de Economía e Facenda (B.O.E. núm. 24 de 28-01-2003).

H) Garantía definitiva. O licitador que presentase a oferta economicamente máis vantaxosa deberá acreditar a constitución dunha garantía definitiva por importe de 600 euros, no prazo dos dez días hábiles seguintes á notificación da proposta de adxudicación. A falta de constitución da garantía definitiva impedirá a adxudicación da concesión.

3. De non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose nese caso para solicitar a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde en que quedasen clasificadas as ofertas.

4. O órgano de contratación deberá adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación, mediante resolución motivada, a teor da proposta de adxudicación elevada pola mesa de contratación, a cal será notificada tanto ao adxudicatario como aos licitadores publicándose no perfil do contratante.

5. O órgano outorgante poderá non adxudicar a concesión de acordo coa proposta da Mesa de Contratación, debendo neste caso motivar a súa decisión. O órgano outorgante poderá declarar deserta a licitación, cando non exista ningunha oferta ou proposición que sexa admisible de acordo cos criterios que figuran no prego.

19. FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

